

RESUMO TEMA 6. OS ANIMAIS E AS PLANTAS NA NATUREZA

A VEXETACIÓN

A vexetación é o conxunto das plantas que viven nunha zona, rexión ou país.

As plantas que viven nun lugar dependen do tipo de terreo, do clima, da humidade.

Segundo a vexetación, podemos distinguir bosques, matogueiras, pradarias e desertos.

- O bosque. os bosques están formados por moitas árbores xuntas. Poden ser todas do mesmo tipo ou non. Necesitan un bo terreo e humidade.
- A matogueira. A matogueira está formada sobre todo por arbustos. Aparece cando o terreo é pobre e con pouca humidade.
- A pradaria. As pradarias son grandes extensións cubertas de herba e sen apenas árbores e arbustos.
- O deserto. No deserto hai moi pouca humidade.. Case non hai plantas, só as que sobreviven con pouca auga, como os cactus. Case non chove e a temperatura é alta de día e baixa de noite.

OS ANIMAIS ACUÁTICOS

Os animais acuáticos viven na auga todo o tempo ou a maior parte del. Moitos respiran o osíxeno que hai na auga mediante branquias. Outros saen a respirar o osíxeno do aire.

Os animais acuáticos poden ser:

- Animais mariños: son os que viven no mar Os mamíferos mariños como a balea, e o golfinho. As tartarugas mariñas, os peixes e as luras, os corais e as esponxas que viven no fondo do mar sen desprazarse. Os polbos, as estrelas mariñas.
Algunhas aves viven case todo o tempo sobre o mar, só acoden a terra para reproducirse, igual ca as tartarugas mariñas.
Nas grandes profundidades, onde non chega a luz do sol, moitos peixes emiten luz para atraer as presas e poder comelas.
- Animais de auga doce: son os que viven en ríos, lagos, encoros. Os mamíferos de auga doce como a lontra fan os tobos na terra. Peixes como as troitas, o salmón, a anguía. Ras, parrulos, cágados, tartarugas .
Os anfibios poñen os ovos na auga. Os cágados respiran por branquias. Os anfibios só viven na auga doce.
Os réptiles de poñen os ovos na terra

OS ANIMAIS TERRESTRES

Os animais terrestres respiran o osíxeno do aire mediante os pulmóns, e viven sobre a terra firme. A maioría desprázanse camiñando, pero hainos que saltan, voan, se arrastran. Esquíos , cervos, morcegos, aguías, serpes, toupas, lagartos, formigas. ETC.

AS PLANTAS DE GALICIA

A vexetación de Galicia é moi variada e abundante. Hai moitas árbores coma o carballo (medra nas zonas frescas e húmidas formando carballeiras e fragas. O seu froito é a landra), o amieiro (é unha árbore que medra na beira dos ríos, bota flores no inverno), e arbustos coma o toxo (é o arbusto típico de Galicia, e a súa flor chámase chorima) e herbas coma a cebola das gaivotas (é unha herba que medra nas dunas das zonas costeiras).

OS ANIMAIS DE GALICIA

En Galicia hai unha gran variedade de animais. Algúns están protexidos porque quedan poucos exemplares coma os osos e as aguías.

- O oso pardo vive nas serras orientais de Galicia. Quedan poucos por iso está protexido.
- A aguia real habita nas montañas da provincia de Ourense. Están protexidas.
- O lagarto arnal ten a pel cuberta de escamas verdes e amárelas, e puntos azuis.
- O pintafontes ten a pel espida con manchas negras e verdes.
- A troita vive en ríos de montaña, con augas limpas e frías.